



## IMPORTANTE!!!!

### AVISO FAMILIAS INSTRUCCIÓN AXUDAS COMEDOR

Estimadas famillias:

Hoxe día 27 de marzo de 2020 foron recibidas instrucións para **SOLICITAR NOVAS AXUDAS DIRECTAS PARA USUARIOS GRATUITOS E SEMIGRATUITOS DE COMEDOR ESCOLAR POLOS DÍAS LECTIVOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR**. Esta ORDE sairá publicada no Diario Oficial de Galicia (DOGA) o luns 30 de marzo de 2020.

#### *ORDE do 27 de marzo 2020*

##### *Artigo 1. Obxecto*

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta a condición de gratuito e do que por renda familiar resulta pagador dun euro nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

**As SOLICITUDES SERÁN TRAMITADAS OBRIGATORIAMENTE POR SEDE ELECTRÓNICA NO SEGUINTE ENDEREZO** será NO SEGUINTE ENLACE:

<https://sede.xunta.gal>

Poderá empregarse outros **mecanismos de identificación e sinatura** admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo a Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)



**OS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS TERÁN DE PRAZO PARA REALIZAR O TRÁMITE ATA O DÍA 6 DE ABRIL INCLUÍDO.**

**AQUELAS FAMILIAS QUE PRECISEN AXUDA NA TRAMITACIÓN OU NON TEÑAN ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA, poderán contactar co centro para notificar os seguintes datos requeridos:**

- a) DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado (titor/a)
- b) Condicións de beneficiarios de comedor nas bases de datos da Consellería
- c) Nome e apelidos do titor/a; nome, apelidos e curso dos fillos/fillas
- d) Número de conta bancaria no que se quere recibir o aboamento da axuda.

**PREFERENTEMENTE a través do correo electrónico do CEIP O Coto [ceip.ocoto@edu.xunta.es](mailto:ceip.ocoto@edu.xunta.es) adxuntando os datos requeridos para a tramitación.**

**No caso de que persistan as dúbidas, contactarán co centro horario de 10:00 ata as 13:00 a través dos seguintes números:**

- **881 866 821**
- **881 866 820**

Negreira a 27 de marzo de 2020

Atentamente  
O equipo directivo